

**Resposta da Mesa pola Normalización Lingüística
ao Informe sobre as recomendacións
de acción inmediata formuladas polo comité
de ministros do Consello de Europa**
na súa resolución de 11 de decembro de 2019 en relación
á aplicación da Carta Europea de Linguas Rexionais
ou Minoritarias polo Reino de España

FEBREIRO 2021

©2020 A Mesa pola Normalización Lingüística

Avenida de Lugo 2A entresollado A
15702 Santiago de Compostela
www.amesa.gal

Alén da explicación que o Estado dá no seu informe sobre o nivel de cumprimento de cada unha das recomendacións temos que indicar que fóra de accións puntuais non houbo nengunha acción dirixida a cumprilas.

Concretamente en relación á xustiza, á Administración Xeral do Estado na Comunidade autónoma de Galiza, e no ensino, **continúan a ter plena actualidade e validez os informes do Comité de Expertos e as recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa adoptadas o 20 de xaneiro de 2016 e o 11 de decembro de 2019, porque non houbo nengún cambio nen iniciativa das autoridades para as atender.**

Temos que sinalar tamén a falta de recoñecemento legal e por tanto maior desamparo respecto á Carta que sofren as persoas falantes de galego nos territorios historicamente de lingua galega pertencentes ás Comunidades autónomas de Asturias, Castela e León e Extremadura.

Nengunhas destas recomendacións foi atendida mesmo a pesar do que temos indicado desde a sociedade civil. Concretamente no ámbito do ensino diferentes entidades sociais representativas do profesorado, nais e pais e estudantes, temos presentada unha proposta que, dentro do marco xurídico, pode contribuir significamente ao cumprimento das Carta Europea e das recomendacións do Consello de Europa de 2016 e 2019, sen que polo de agora teñamos recibido resposta da Xunta de Galiza. Esta proposta conta xa con máis polas entidades sociais e educativas que o Decreto 79/2010 aprobado unilateralmente e sen acordo.

1 Amend the Organic Law on the Judiciary so as to ensure the use of the co-official languages in judicial proceedings at the request of one of the parties;

Desde a publicación das recomendacións do Comité de expertos e do Comité de Ministros do Consello de Europa, non houbo nengunha modificación da Lei Orgánica do Poder Xudicial para asegurar o uso das linguas cooficiais nos procedementos xudiciais a petición dunha das partes.

A este respecto compriría mudar a redacción dos artigos 231 da LOPX e o 142 da Lei de axuízamento civil, para que poida prevalecer a petición dunha das partes que o procedemento penal, civil e administrativo en xulgados e tribunais de Galiza se tramite na lingua cooficial, pois do contrario, por defecto, de oficio e de forma automática sempre se tramita en castelán.

Na actualidade a utilización do galego segue a ser unha **potestade** ou unha **opción voluntaria** dos xuíces, fiscais, etc. (sempre que ningunha das partes invoque indefensión polo seu descoñecemento), incompatíbel na práctica co dereito dos cidadáns a solicitaren que o procedemento xudicial se desenvolva na súa lingua, como recolle o *artigo 9* nos apartados *a.i)*, *b.i)* e *c.i)* da Carta Europea.

Nos tribunais de xustiza, antes do inicio de calquera procedemento, non se pregunta de oficio en que lingua ha de tramitarse este para que se realicen nesa lngua as actuacións xudiciais, tanto orais como escritas para que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental. Mesmo cando unha parte

Solicita expresamente o seu desexo de que o procedemento e notificacións se tramiten na súa lingua en moitas ocasións non se lle garante este dereito.

Cómpre ter en conta que, ademais, a aplicación informática minerva, empregada na administración de xustiza en Galiza, impide o uso do galego en pé de igualdade co castellano: non contén en galego todos os formularios e modelos dos documentos que se empregan a diario na oficina xudicial nin dispón deses documentos actualizados consonte as modificacións lexislativas, o que provoca non só un esforzo persoal do funcionariado que ten que traducilo persoalmente, senón que pode provocar unha inseguridade xurídica e rexeitamento ante a eventualidade de que non estea convenientemente actualizado, risco e esforzo que o funcionariado non debe asumir nin lle é exixíbel que asuma, pois deben ser as autoridades competentes as que se encarguen de facilitar ao funcionariado os recursos en galego en plena igualdade co castellano: a aplicación informática minerva debe conter os mesmos documentos en galego e absolutamente actualizados conforme a normativa vixente en cada momento, para asegurar a igualdade no uso das linguas no ámbito da xustiza e non afondar na discriminación.

Se non se poñen os medios técnicos para que a opción lingüística se poida materializar en toda a súa plenitude, estase a convalidar a desigualdade e amparar de facto a imposición do castellano en todos os procedementos, que é o que realmente sucede nos xulgados e tribunais en Galiza¹.

Do uso do galego na xustiza hai dous datos que poden ser indicativos e útiles para facer unha estimación do seu uso: o sinalado pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e a memoria anual do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG).

A CIG, organización sindical maioritaria en Galiza, presenta por volta do 20% dos procedementos abertos nos xulgados do social en Galiza solicitando en cada un deles que se desenvolva en galego conforme o sinalado pola Carta Europea da Linguas Rexionais ou Minoritarias. Deste 20% só conseguen que sexan tramitados menos do 1%².

A respecto do TSXG, na súa memoria anual³ sinala que no ano 2019 procederon á revisión lingüística en galego de 145 documentos (páxina 57) dun total de 330.956, o que constitúe unha porcentaxe do 0.04% dos asuntos tramitados.

Sobre as dúas accións que o Estado indica querer introducir: análise da lingua cooficial distinta do español e incluír as linguas cooficiais no proxecto de intelixencia artificial, poderían ser útiles como complemento mais sen consecuencia algunha se non se cumprir coa recomendación de modificación da LOPX e se ademais non se ofrecen en galego as ferramentas informáticas de uso habitual.

Temos que concluír, por tanto, que non houbo nengunha mudanza significativa para cumprir con esta recomendación e que o feito de obstaculizar o uso do galego perante os tribunais é unha vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva.

1 «A CIG esixe implementar a aplicación Minerva en galego para favorecer a normalización da nosa lingua na Administración de Xustiza». 21/1/2020.

<https://www.cig.gal/nova/a-cig-esixe-implementar-a-aplicacion-minerva-en-galego-para-favorecer-a-normalizacion-da-nosa-lingua-na-administracion-de-xustiz.html>.

2 «A CIG denuncia a presenza marxinal do galego na Administración de Xustiza». 8/1/2021.

<https://www.cig.gal/nova/a-cig-denuncia-a-presenza-marxinal-do-galego-na-administracion-de-xustiza.html>

3 Memoria anual TSXG (páxina 57). <https://www.poderjudicial.es/cgpj/gl/Poder-Xudicial/Tribunais-Superiores-de-Xustiza/TSX-Galicia/Actividade-do-TSX-Galicia/Memoria-Xudicial/Memoria-del-TSXG-de-2019>.

2 Improve the use the co-official languages in State administration in the Autonomous Communities;

Mantéñense as dificultades para uso da lingua galega na Administración Xeral do Estado en Galiza, tal e como sinalou o Comité de expertos na súa última avaliación.

O Goberno español segue sen facer as modificacións legais necesarias para mellorar o uso e atención en galego en toda a administración do Estado con sede nos territorios con lingua propia e nos órganos superiores aos que sexa necesario dirixirse onde continúa a ser imposible.

A lexislación estatal ignora o requisito de capacidade lingüística, que só nalgúns casos é considerado mérito mais non se exige tal coñecemento para a provisión de prazas en territorio con lingua propia cooficial como se pode comprobar en todas as convocatorias de acceso a todos os corpos da función pública do Estado, incluídas as forzas de seguridade⁴.

Tal e como recoñecía o Estado na páxina 21 do informe do 5º ciclo de avaliación⁵, hai importantes impedimentos á accesibilidade en galego á administración xeral do Estado especialmente no relativo ás xestións telefónicas ou en liña, así como ás páxinas webs dos ministerios e dos órganos da administración estatal. A maioría só ofrecen textos de presentación ou información estática en galego, mais non permiten facer xestións nin dirixirse a eles usando o galego.

A atención directa depende da vontade por atender e/ou entender o galego do funcionariado que no caso da administración estatal non ten como requisito para o acceso á función pública o coñecemento da lingua galega.

Así mesmo, temos constancia de que moitas administracións territoriais do Estado se negan a tramitar documentos e expedientes en galego mesmo cando se lles pide expresamente e a lexislación recoñece este dereito dos cidadáns/ás⁶.

Continúan a se producir casos moi graves nos que a administración do Estado se nega a aceptar documentación presentada en galego nalgúns casos con consecuencias irreparábeis por falta de prazo para presentar traducións nalgúns casos de documentos emitidos pola propia administración (títulos de formación, certificados,...).

Non se tomaron medidas para garantir e avanzar na formación lingüística do funcionariado do Estado como sinalaba a anterior avaliación e mesmo o informe presentado. Para os miles de funcionarios do Estado de diferentes corpos destinados en Galiza, é ridícula a cantidade de 571 participantes en cursos de capacitación que ademais, non prestan servizos necesariamente en territorio galego.

A respecto do complemento salarial indicado polo Estado no seu informe remitíndose ao «Acuerdo sobre aplicación de los fondos adicionales previstos en el II Acuerdo para la Mejora del empleo público y las condiciones de trabajo»⁷ asinado o 4 de marzo de 2019, nada ten a ver coa promoción das linguas cooficiais. este acordo afecta ao persoal da AXE (laboral e funcionario) de todo o estado, independentemente da existencia ou non de lingua propia. De todos os fondos deste acordo (máis de 20 millóns de euros no ano 2020) nin un só Euro foi destinado para promocionar as diferentes linguas oficiais.

Aínda que é certo que se incluíu unha disposición específica de fondos adicionais para recoñecer o coñecemento de linguas, non ten asignación económica algunha, xa que como se regula

4 Buscador de convocatorias de emprego público. Punto de acceso á administración. Goberno de España.

<https://administracion.gob.es/pagFront/empleoBecas/empleo/buscadorEmpleo.htm?idRegistro=183548#.YDJSZC35STc>

5 <https://www.coe.int/en/web/minorities/spain>.

6 «Discriminado o galego no premio ás mellores teses doutorais do Executivo central». *El Correo Gallego*, 20/6/2020.

<https://www.elcorreogallego.es/galicia/discriminado-o-galego-no-premio-as-mellores-teses-doutorais-do-executivo-central-DI3596423>.

7 «Acuerdo sobre aplicación de los fondos adicionales previstos en el II Acuerdo para la Mejora del empleo público y las condiciones de trabajo».

http://www.seat.mpr.gob.es/dam/es/portal/funcionpublica/funcion-publica/dialogo-social/acuerdos/Acuerdos-suscritos-con-las-organizaciones-sindicales/2019/04_03_19_Acuerdo_Fondos_Adicionales_2018_2020.pdf.pdf.

no propio apartado, a asignación de fondos require dun acordo da comisión de seguimento do devandito acordo, e até o de agora non se consignou un só euro, por este motivo non existe persoal ningún da AXE que perciba remuneración por este concepto.

Así mesmo, temos constancia de que moitas administracións territoriais do Estado se negan a tramitar documentacións e expedientes en galego mesmo cando se lles pide expresamente e a lexislación reconece este dereito dos cidadáns/ás.

Esta regresión está detrás dunha idea que comezou a estenderse entre unha parte, polo de agora minoritaria do funcionariado de non teren que utilizar o galego ou entendela –contra o que o sinala a Lei de normalización lingüística–, e que ten motivado queixas por vulneración dos dereitos lingüísticos e á cidadanía.

En relación con este punto da Carta son de gravidade especial os que afectan a aqueles trámites obrigatorios e cuxo incumprimento conleva sancións graves: axencia tributaria, seguridade social, multas e taxas. Xunto a estes os trámites relacionados cos corpos e forzas de seguridade do Estado por canto engaden vulnerabilidade a situación xa de por si delicadas onde pode estar en risco a seguridade e integridade das persoas ou bens. Temos documentados casos onde Garda Civil e Policía Nacional se negan a atender denuncias e avisos graves e urxentes por estaren en galego ou as persoas afectadas encontran graves impedimentos⁸.

8 «Tres horas na comisaría para poder poñer unha denuncia en galego». *Nós Diario*, 9/2/2021.
<https://www.nosdiario.gal/articulo/lingua/horas-comisaria-poder-poner-denuncia-galego/20210209165532115457.html>

3 Remove the limitations to the teaching in Galician in Galicia and Valencian/Catalan in Valencia;

Non houbo desde que se fixeron públicas as recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa nengunha acción encamiñada a eliminar as limitacións ao ensino en galego en Galiza.


Segundo o establecido no decreto 79/2010⁹, o galego está prohibido nas matemáticas no ensino primario, e nas matemáticas, física e química e tecnoloxía no ensino secundario, o que contravén claramente o artigo XX parágrafo XX da Carta. Os datos ofrecidos polo Estado a respecto do cumprimento desta recomendación non indican nengunha mudanza para a cumprir nen intención de o facer, malia o indicado nas recomendacións do 3º e 4º ciclo de avaliación do Consello de Europa.

Sobre esta recomendación o goberno galego limitouse a pór en dúbida os coñecementos e a intencionalidade do Comité de expertos do Consello de Europa cunha campaña de desprestixio¹⁰ que motivou unha importante reacción social¹¹ con manifestacións convocadas pola pataforma cidadá Queremos Galego (composta por preto de 600 colectivos sociais) en decembro de 2019 solicitando que se dese cumprimento ás recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa.

A Xunta de Galiza nega a posibilidade de ofertar educación en galego a quen o solicitar desde o ano 2010 no que se suprimiron as liñas de ensino moi maioritariamente en galego a pesar da grande demanda e boa acollida polas comunidades educativas¹².

Non é certo que o reparto de materias sexa a partes iguais como sinala o Estado. Como o propio Estado e Xunta de Galiza saben, coa introdución da LOMCE as materias prohibidas en galego son as de maior carga horaria o que imposibilita calquera distribución igualitaria.

Na seguinte gráfica preséntase a distribución horaria no ensino secundario, excluindo as materias de linguas:



⁹ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. *Diario Oficial de Galiza*, 25/5/2010. https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2010/05/25/20100525_decreto_plurilinguismo.pdf.

¹⁰ «Feijóo desdeña as críticas do Consello de Europa á política lingüística da Xunta: "Alá eles"». *Praza pública*, 13/12/2019. <https://praza.gal/politica/fejoo-desdena-as-criticas-do-consello-de-europa-a-politica-linguistica-da-xunta-ala-eles>

¹¹ «A sociedade galega esixe na rúa que a Xunta actúe perante a situación de "emerxencia lingüística" e cumpra coas demandas do Consello de Europa.» 20/12/2019.

<https://www.queremosgalego.gal/2019/12/20/a-sociedade-galega-esixe-na-rua-que-a-xunta-actue-perante-a-situacion-de-emergencia-linguistica-e-cumpra-coas-demandas-do-consello-de-europa/>.

¹² «Alerta lingüística en Galicia: los niños y jóvenes pierden el gallego». *El País*, 29/12/2019.

https://elpais.com/sociedad/2019/12/25/actualidad/1577298134_836789.html

En calquera caso a Carta sinala que as partes se comprometen «sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficial(s) do Estado, a:

- a) ofrecer educación infantil nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;
- b) ofrecer educación primaria nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;
- c) ofrecer educación secundaria nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;

Isto non fica garantido co Decreto 79/2010 de plurilingüismo tal e como ten sinalado reiteradamente o Comité de expertos¹³.

Cómpre sinalar tamén que é falsa a existencia de «múltiples estudos científicos» que avalen esta situación¹⁴. Nengún estudo rigoroso publicado até o momento afirma que a situación do galego mellorase após a aprobación do Decreto 79/2010. Pola contra entidades como a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo¹⁵, a Real Academia Galega¹⁶ ou o Consello de Cultura Galega, ademais de estudos realizados pola Mesa pola Normalización teñen sinalado o contrario.

Mantense ademais a oposición pública por parte das organizacións sindicais, asociacións de nais e movementos de renovación pedagóxica, que aínda en xullo de 2020 presentaron unha proposta de bases para a normalización da lingua galega no ensino como alternativa ao Decreto 79/2010 e que entre outras cousas sería útil para introducir as recomendacións sobre o cumprimento da Carta¹⁷.

En calquera caso non existen datos oficiais, publicados por organismos públicos, que avalíen as consecuencias do decreto e se se están a cumprir os seus obxectivos malia teren sido solicitados no Parlamento galego polo conxunto da oposición.

O informe do Estado límitase a dar datos estatísticos obviando ademais a información sinalada no mesmo estudo do Instituto Galego de Estatística: a cantidade de menores de 15 anos que declaran non saber falar galego é a máis alta de toda a historia da lingua galega. Nunca antes o descoñecemento chegara ao 23,9%, é dicir, case 1 de cada 4 persoas en idade de escolarización obrigatoria non se senten capacitados para desenvolver a máis básica das competencias nunha lingua: falar¹⁸.

O sistema educativo xunto a ausencia de galego noutros espazos como o lecer, o audiovisual e medios de comunicación ou no ámbito socioeconómico, só está a afortalar prexuízos respecto das persoas que empregan o galego e contribuíndo a unha forte diferenza e ruptura xeracional onde as xeración de máis idade empregan o galego fronte as máis novas que non só non o empregan senón que son incapaces de facelo, e a educación só contribúe a acelerar este proceso de ruptura xeracional e social.

13 «La peor década para el gallego». *Público*, 1/1/2020.

<https://www.publico.es/sociedad/peor-decada-gallego.html>

14 «Dez anos do primeiro recorte á protección legal do galego na historia da autonomía». Praza pública, 30/12/2019.

<https://praza.gal/politica/dez-anos-do-primeiro-recorte-a-proteccion-legal-do-galego-na-historia-da-autonomia>

15 «Xunta y universidades se enfrentan por el retroceso en el uso del gallego». *La Voz de Galicia*, 12/5/2015.

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2015/05/12/xunta-universidades-enfrentan-retroceso-uso-gallego/0003_201505G12P11993.htm

16 «A RAG insta a Xunta a "seguir as recomendacións" do Consello de Europa e pór fin á "restrición" do galego no ensino». 16/12/2019.

<https://praza.gal/politica/a-rag-insta-a-xunta-a-seguir-as-recomendacions-do-consello-de-europa-e-por-fin-a-restricion-do-galego-no-ensino>.

17 «A comunidade educativa demanda da Xunta "diálogo" para normalizar o galego no ensino». *Nós Diario*, 16/11/2020.

<https://www.nosdiario.gal/articulo/lingua/comunidade-educativa-demanda-da-xunta-dialogo-normalizar-galego-ensino/20201126140526109927.html>

18 «Persoas que saben falar galego por sexo e idade. De 5 a 14 anos» (IGE 2020).

[http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?c=0206004&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2939&R=1\[all\];4\[all\];0\[0\]&C=3\[0\];2\[2\]&F=&S=998:12&SCF=#](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?c=0206004&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2939&R=1[all];4[all];0[0]&C=3[0];2[2]&F=&S=998:12&SCF=#)

As limitacións para o ensino en galego en Galiza veñen derivadas da aplicación da seguinte normativa:

- **Decreto 79/2010:** Limita a un máximo do 50% o número de materias a impartir en galego, co obxectivo de que sexan o 33%, prohibindo expresamente a impartición en galego de matemáticas na educación primaria e de Matemáticas, Tecnoloxía, e Física e Química en secundaria.
- **LOMCE:** Establece maior carga horaria para as materias prohibidas en galego o que fai que a distribución das materias por lingua reduza aínda máis a presenza do galego do que sinala o decreto 79/2010 sendo, por tanto, as aulas en galego, menos do 33% onde está introducido o ensino en inglés, e menos do 50% no resto.

A LOMCE foi recentemente modificada coa aprobación da LOMLOE. Porén, isto aínda non provocou nengunha mudanza a respecto do tratamento da lingua galega. Aínda que se recoñece a posibilidade de ser a lingua propia a vehicular, isto depende da administración educativa galega e a modificación do decreto 79/2010 polo que a situación continúa igual.

No ámbito da educación infantil, o galego está excluído de grande parte das escolas infantís das cidades galegas xa que a introdución paulatina do galego en ámbitos onde a propia lexislación establece a utilización do castelán, por ser a lingua predominante, ou non se efectiviza ou, simplemente non é suficiente, recibindo na práctica o tratamento de lingua estranxeira.

Un estudo da Mesa pola Normalización Lingüística sinala que o galego só está presente como lingua maioritaria (non única) no 5% das escolas infantís dos núcleos de máis de 50 000 habitantes, mentres só chega á metade no 19%¹⁹. Estas cifras son moi inferiores á porcentaxe de falantes e tamén á demanda real existente de ensino en galego na sociedade.

No informe presentado pola Mesa pola Normalización Lingüística, os centros de educación infantil das cidades, mesmo aqueles que utilizaban o galego, queixábanse da falta de materiais de traballo neste idioma, mentres a totalidade contaban con eles en castelán e unha porcentaxe moi elevada en inglés.

Ademais de ofrecer información sesgada, o informe do Estado obvia deliberadamente cruzar os datos con estudos anteriores para ver cal é a evolución. A comparación dos datos da RAG, co seu *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (volumes de 1992 e 2004) como o estudo do Consello da Cultura Galega (*A evolución sociolingüística 1992-2008*), no que se analisaban os datos do IGE de 2005 ou os que fai referencia ao informe do Estado: Enquisa estrutural a fogares 2018 (IGE 2019)²⁰, evidencian que desde 1992 (data do primeiro estudo fiable) até hoxe o proceso de substitución lingüística do galego polo castelán segue avanzando de xeito sostido e continuo, por mor da perda de transmisión interxeracional (de pais e nais a fillos/as) e tamén pola perda intraxeracional.

O único dato abertamente positivo que reflicte o informe do Estado, a mellora inequívoca das competencias lingüísticas autopercibidas, explícase facilmente polo punto de partida que reflicten os primeiros estudos, nos que as xeracións máis vellas estaban escasamente alfabetizadas ou estábano nunha época na que o ensino do galego na escola estaba prohibido. Afortunadamente o analfabetismo está practicamente erradicado en Galiza e o galego ensínase aínda que isto non garante a adquisición da competencia oral. Porén, a introdución do galego como materia no sistema educativo mellorou sen dúbida os índices de alfabetización, a capacidade de ler e escribir en galego, mais non evitou por si o descenso en falantes.

19 «A lingua galega na educación infantil de Galiza de 3 a 6 anos. Curso 2016/17». A Mesa pola Normalización Lingüística, 2016. Dispoñíbel en <https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/informeinfantildef5-pdf.pdf>.

20 «Enquisa estrutural a fogares 2018» (IGE 2019).

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004&num_pag=3.

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA